



CONCELLO DE SOBER

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Febreiro de 2017

BASES DO I CONCURSO DE TALLA EN MADEIRA CON MOTOSERRA CONVOCADO CON MOTIVO DA XXXVII FEIRA DO VIÑO DE AMANDI

- O Goberno local do Concello de Sober convoca o I Concurso de talla en madeira con motoserra con motivo da XXXVII Feira do Viño de Amandi.
- Os traballos faranse ao aire libre na Praza do Concello de Sober entre o día 1 e o 7 de abril.
- Todos os traballos serán expostos no recinto no que se celebra a XXXVII Feira do Viño de Amandi.
- Será condición indispensable que reflectan algún valor da Ribeira Sacra, relacionado coa viticultura, a paisaxe, ou o turismo, por exemplo.
- Haberá tres premios. Un deles dotado con 300 euros, o primeiro; o segundo dotado con 100 euros e o terceiro con 50 euros.
- O Concello porá a disposición dos participantes un tronco de madeira de castiñeiro.
- Os interesados e interesadas deben formalizar a súa inscrición entre o 20 de febreiro e o 20 de marzo.
- Poderán facelo no Concello ou a través do correo info@concellodesober.com
- No momento de anotarse deberán indicar as necesidades técnicas que teñen para realizar o seu traballo.
- O domingo 9 de abril daranse a coñecer aos gañadores despois do pregón da feira.
- Todos os participantes poden ceder as pezas ao Concello para ser expostas de xeito permanente en edificios públicos municipais. No caso contrario, poderán levalas, salvo as tres gañadoras, que serán de propiedade municipal.
- As pezas de propiedade municipal poderán prestarse aos autores para exposicións, sempre que así o soliciten.
- O xurado valorará de xeito especial a relación da peza coa Ribeira Sacra e co mundo da viticultura.